

A INOCENTE.

Miña irmán a máis pequena  
é unha nena moi curiosa  
un día a mamá preguntoulle  
¿Qué é o Sol? esa cousa tan fermosa  
A nai sorrindo contestoulle  
pra escudir que lle dera a murga  
!O Sol é o ...marido da Lúa!,  
pero con eso o que fixo foi avivala,  
xa que coa resposta alongou a parolada.  
E dixo a meniña moi inocente  
dándose de sabida coma a outra xente.  
¿Logo tamen aló no firmamento  
pasa coma na terra, hai casamento ...?  
E de novo dixo cos ollos abrayados  
preguntando ¿levan moito tempo casados?  
¿Quérense moito? ¿Teñen moitos fillos?  
¿A casa donde viven ten moitos pasillos?  
A nai cansa de tanto escoitar  
e non ter moito que repostar,  
púxose a cavilar pra inventar  
algo conque a nena facer calar.  
Según os vellos e as suas explicacions,  
o Sol que sempre foi un vagamundo  
nunha das suas longas excursions  
o ancho e á o longo do mundo  
atopouse ca Lúa entre uns buzarrons  
e eiquí escomenzaron as suas relacións,  
e despois de moito tempo decidiron  
casarse, e indo xunto a Deus lle pediron  
pra en casoiro xuntarse  
e nunca máis separarse.  
A Lúa que estaba moi delgada  
cada vinteoito días engordaba,  
nacendo destes amores unhas lucaciñas  
que cintilean moito, as estrelliñas.  
A nena pensando no que a nai lle contaba  
contestoulle toda asustada:

!Pois mamá,non o entendo,non o entendo ...  
tódolos matrimonios que eu estou vendo  
coma tí con o papá ,viven unidos ...  
e as mulleres andan xuntas cos maridos;  
pero a Lúa e máis o Sol,eu via,  
que un sal de noite e outro de día,  
e ollando pra o ceo vense sempre separados  
¿ou é que están divorciados ... ?